

INFORME DE TRAZABILIDAD

Expediente 2023/XEN_01/000743

Expediente

Nº expediente: 2023/XEN_01/000743 **Título:** Proposta de modificación de crédito do orzamento 2023, 2023_18_SC, Transferencia/Suplemento de crédito PU2023, Pleno ordinario mazo 2023

Fecha de alta: 16/03/2023 10:28:42

Versión proc.: Proc. Xenérico de uso interno **Fase actual:** EN TRAMITACIÓN

Organismo: INTERVENCIÓN-CONTABILIDADE E CONTAS

Org. que envía: SECCIÓN DE ACTAS E GOBERNO

Evolución

Fase	Transición	Desde	Hasta	Usuario
PRESENTACIÓN DE OFICIO	PRESENTACIÓN DE OFICIO	16/03/2023 10:28:42	30/03/2023 12:31:51	José Antonio Castro Liz
PRESENTACIÓN PRESENCIAL	INICIO PRESENCIAL	30/03/2023 12:31:51	30/03/2023 12:32:09	María del Carmen Teijeiro Poudereux
EN TRAMITACIÓN	INICIAR LA INSTRUCCIÓN DEL EXPEDIENTE	30/03/2023 12:32:09		María del Carmen Teijeiro Poudereux

Documentos

Privado	Nombre	Fecha	Tipo	Estado	Fase
No	BOP 94 DE 25.04.2023 aprobación definitiva 2023_18_SC, Pl....pdf	25/04/2023 09:31:26	Incorporado	Terminado	EN TRAMITACIÓN
No	2023_18_SC Certificación exposición ao público transferen....pdf	24/04/2023 12:39:32	Incorporado	Terminado	EN TRAMITACIÓN
No	2023_18_SC Informe Rexistro alegacions modificacion credi....pdf	24/04/2023 11:45:18	Incorporado	Terminado	EN TRAMITACIÓN
No	BOP 73 de 29.03.2023 aprobación inicial 2023_18_SC, Pleno....pdf	30/03/2023 13:39:13	Incorporado	Terminado	EN TRAMITACIÓN
No	Certif. Pleno 28-03-23 Modificacion orzamento 2023.pdf	30/03/2023 13:31:12	Generado	Terminado	EN TRAMITACIÓN
No	Acta Comision Economia_ F. e Espec. Contas 23-03-23.pdf	30/03/2023 12:32:27	Incorporado	Terminado	EN TRAMITACIÓN
No	2023_18_SC Modificacion credito, PU2023 - 5 INFORME FINAL....pdf	16/03/2023 14:16:38	Incorporado	Terminado	PRESENTACIÓN DE OFICIO
No	2023_18_SC Modificación crédito, PU2023 - 4 PROPOSTA ACOR....doc	16/03/2023 14:14:18	Incorporado	Terminado	PRESENTACIÓN DE OFICIO
No	2023_18_SC Modificacion credito, PU2023 - 4 PROPOSTA ACOR....pdf	16/03/2023 14:13:22	Incorporado	Terminado	PRESENTACIÓN DE OFICIO

INFORME DE TRAZABILIDAD

Expediente 2023/XEN_01/000743

No	2023_18_SC Modificacion credito, PУ2023 - 3 MEMORIA, Plen....pdf	16/03/2023 14:12:50	Incorporado	Terminado	PRESENTACIÓN DE OFICIO
No	2023_18_SC Modificacion credito, PУ2023 - 2 INCOACION, PI....pdf	16/03/2023 14:11:46	Incorporado	Terminado	PRESENTACIÓN DE OFICIO
No	2023_18_SC Modificacion credito, PУ2023 - 1 INFORME INIC....pdf	16/03/2023 13:13:10	Incorporado	Terminado	PRESENTACIÓN DE OFICIO

Usuarios asignados

Tipo	Identificador	Usuario	Fecha alta	Fecha baja
Principal	33306771B	José Antonio Castro Liz	30/03/2023 13:36:53	
Principal	33306771B	José Antonio Castro Liz	16/03/2023 10:28:42	16/03/2023 14:39:05



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS. SERVIZO PROVINCIAL DE LUGO

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: MELLORA DA ESTRADA LU-651, TREITO FERRERÍA VELLA - SEOANE DO COUREL

Termo municipal: FOLGOSO DO COUREL

Clave: LU/17/128/01.1

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 23 de maio de 2023

Lugo, 19 de abril de 2023.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

Expediente: X1798

Término municipal de:	FOLGOSO DO COUREL
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	
Clave:	LU-17-128-01-1

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
128-T; 128; 121	ALVAREZ GONZALEZ FE; ELIDA MARTA	RUA RIO SIL N.º 43-3ºD 27003-LUGO
109	CONCELLO FOLGOSO DO COUREL	PZ. MANUEL FRAGA IRIBARNE S/N 27325 FOLGOSO DO COUREL
117	FERREIRO LOPEZ, YOLANDA; RAFAEL	SAN XOAN Nº 22- SEOANE 27324 FOLGOSO DO COUREL-LUGO
113	GALLEGO LOPEZ, ARSENIO	C/ VIRGEN DE AFRICA Nº 8 DR 28027 MADRID
108	JATO BRAÑAS, JOSE LUIS	RUA PINTOR LAXEIRO Nº 6 HT-SO-AL 27002 LUGO
110	LOPEZ GARCIA, PURIFICACION	LG. SEOANE, 42 27324 FOLGOSO DO COUREL-LUGO

116; 122; 115	NOVO NUÑEZ, EDUVIGIS	LG. SEOANE 27324 FOLGOSO DO COUREL-LUGO
127	PAEZ LOPEZ, CARMEN	LG. SEOANE N.º 59 27324 FOLGOSO DO COUREL - LUGO
130; 123	PARADA LOPEZ, HECTOR; AMAYA	LG. SEOANE, 42 27324 FOLGOSO DO COUREL-LUGO
101	RODRIGUEZ FERREIRO, JESUS	LG. FERREIRA VELLA N.º 2-27325 FOLGOSO DO COUREL-LUGO
114	RODRIGUEZ MENDEZ, MANUEL	LG. SEOANE, 23 27324 FOLGOSO DO COUREL - LUGO
124; 95	RODRIGUEZ RODRIGUEZ, JESUS MANUEL	RUA FONTE DE FEFIÑANS N° 1-1ª -36630 CAMBADOS-PONTEVEDRA
125	RODRIGUEZ RODRIGUEZ, ANA BELEN	C/ SIERRA DE LOBA N° 5 -4ª IZ-28018 MADRID
75	SAMPAYO LOPEZ MANUELA; MARTIN GARCIA MARCOS	C/ CIENCIAS N.º 39-41 CASA 2 -08032 BARCELONA

R. 1217

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
INTERVENCIÓN
Anuncio

Aprobada definitivamente a "Modificación do Orzamento da Deputación 2023, vía Transferencia e Suplemento de Crédito para PU2023", ao non presentarse alegacións á aprobación inicial do Pleno en sesión ordinaria de 28.03.2023, en cumprimento do disposto no art. 169 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido la Lei reguladora de Facendas Locais, fanse públicos os seguintes resumos:

Estado de GASTOS			
Capítulo	Consignación actual	Modificacións	Consignación final
I. GASTOS PERSONAL	32.009.221,74		32.009.221,74
II. GTOS.BENS CORRENTES E SERVIZOS	36.497.078,06		36.497.078,06
III. GTOS. FINANCEIROS	524.666,20		524.666,20
IV. TRANS.CORRENTES	28.096.351,09	1.668.496,07	29.764.847,16
V. FONDO DE CONT. E OUT. IMPREV.	712.560,27		712.560,27
VI. INVESTIMENTOS REAIS	33.560.809,45		33.560.809,45
VII. TRANS.CAPITAL	33.388.786,76	8.803.110,70	42.191.897,46
VIII. ACTIVOS FINANCEIROS	300.000,00		300.000,00
IX. PASIVOS FINANCEIROS	1.613.464,33		1.613.464,33
TOTAL	166.702.937,90	10.471.606,77	177.174.544,67

Estado de INGRESOS			
Capítulo	Previsión actual	Modificaciones	Previsión final
1. IMPOSTOS DIRECTOS	6.861.598,48		6.861.598,48
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	5.599.458,77		5.599.458,77
3. TAX., PREC. PÚB. E OUTROS INGR.	5.202.230,55		5.202.230,55
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	89.619.547,08		89.619.547,08
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	154.000,00		154.000,00
6. ALLEAMENTO DE INVER. REAIS	300.000,00		300.000,00
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	2.014.646,78		2.014.646,78
8. ACTIVOS FINANCEIROS	56.951.456,24	10.471.606,77	67.423.063,01
9. PASIVOS FINANCEIROS			0,00
TOTAL	166.702.937,90	10.471.606,77	177.174.544,67

O que se fai público aos efectos oportunos.

Lugo, vinte e catro de abril de dous mil vinte e tres.- **O PRESIDENTE**, José Tomé Roca.- **O SECRETARIO**, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1259

CONCELLOS

BURELA

Anuncio

Advertido erro material nas Bases xerais e bases específicas que regularán as convocatorias dos procesos selectivos a desenvolver polos sistemas de concurso e concurso-oposición correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na Oferta de Emprego Pública extraordinaria de 2022 e aprobadas por decreto de Alcaldía nº 2022-1108 de data 28 de decembro de 2022, foi advertido erro material que foi rectificado mediante Decreto de Alcaldía nº 2023-0305 de data 19 de abril de 2023 como se indica a continuación:

1º.- Que nas bases 11.2.2 e 12.2 (que comprenden os “*Méritos a valorar. “Descripción, baremos e sistema de puntuación aplicables”*”), no relativo ás previsións contidas respecto da regulación do mérito 2 (“*formación específica*”), e no concretamente referido á Linguaxe Administrativa galega, onde antes dicía,

“(…)

Linguaxe administrativa galega. A este respecto, serán obxecto de valoración os cursos de coñecemento da lingua galega sinalados a continuación, que serán valorados con arranxo ao baremo e puntos indicados:

- *Linguaxe administrativa; nivel medio de linguaxe administrativa local galega ou linguaxe xurídica galega, ou ciclo elemental dos estudos de galego das escola oficial de idiomas: 0,15 puntos (a computar dentro do máximo total de 4 puntos)*
- *Linguaxe administrativa superior; nivel superior de linguaxe administrativa local galega, linguaxe xurídica galega superior, ou ciclo superior dos estudos de galego da escola oficial de idiomas: 0,30 puntos (a computar dentro do máximo total de 4 puntos)*

No caso de que as persoas aspirantes aleguen e acrediten ambos cursos, só se valorará o de maior nivel; e, e todo caso, so serán obxecto de valoración os homologados polo órgano competente en materia de política lingüística

“(…)”

Agora dirá:

“Linguaxe administrativa galega. A este respecto, serán obxecto de valoración os cursos de coñecemento da lingua galega sinalados a continuación, que serán valorados con arranxo ao baremo e puntos indicados:

- *Linguaxe administrativa; nivel medio de linguaxe administrativa galega ou linguaxe xurídica galega, ou ciclo elemental dos estudos de galego das escola oficial de idiomas: 0,15 puntos (a computar dentro do máximo total de 4 puntos)*
- *Linguaxe administrativa superior; nivel superior de linguaxe administrativa galega, linguaxe xurídica galega superior, ou ciclo superior dos estudos de galego da escola oficial de idiomas: 0,30 puntos (a computar dentro do máximo total de 4 puntos)*

No caso de que as persoas aspirantes aleguen e acrediten ambos cursos, só se valorará o de maior nivel; e, e todo caso, so serán obxecto de valoración os homologados polo órgano competente en materia de política lingüística

(...)”

2º.- Que na base 12.2 (que comprende os “Méritos a valorar. Descrición, baremos e sistema de puntuación aplicables”), no relativo ás previsións contidas no mérito 1 (“experiencia profesional”), onde antes dicía:

“(...)”

Mérito 1. Experiencia profesional. Ata un máximo de 90 puntos

Mérito polo que as persoas aspirantes poderán obter, como máximo, o noventa por cento (90%) da puntuación total máxima alcanzable no concurso e, polo tanto, unha puntuación máxima de 90 puntos; e que se valorará consonte aos criterios e baremo sinalados a continuación:

- *Por servizos prestados como persoal temporal do Concello de Burela en praza, posto e categoría idénticas ou equivalentes á vacante convocada e á que se pretende acceder: a razón de 1,25 puntos por cada mes de servizos prestados*
- *Por servizos prestados como persoal temporal doutra Administración Pública Local (distinta do Concello de Burela) en praza, posto e categoría idénticas ou equivalentes á vacante convocada e á que se pretende acceder: a razón de 0,83 puntos por cada mes de servizos prestados*
- *Por servizos prestados como persoal temporal de calquera outra Administración Pública (distinta do Concello de Burela e non pertencente á Administración Pública Local) en praza, posto e categoría idénticas ou equivalentes á vacante convocada e á que se pretende acceder: a razón de 0,45 puntos por cada mes de servizos prestados*

Aos efectos da acreditación e valoración deste mérito, segundo os baremos anteditos, aplicaranse as normas e criterios indicados no ANEXO III

(...)”

Agora dirá:

“(...)”

Mérito 1. Experiencia profesional. Ata un máximo de 90 puntos

Mérito polo que as persoas aspirantes poderán obter, como máximo, o noventa por cento (90%) da puntuación total máxima alcanzable no concurso e, polo tanto, unha puntuación máxima de 90 puntos; e que se valorará consonte aos criterios e baremo sinalados a continuación:

- *Por servizos prestados como persoal temporal do Concello de Burela en praza, posto e categoría idénticas ou equivalentes á vacante convocada e á que se pretende acceder: a razón de 1,25 puntos por cada mes de servizos prestados*
- *Por servizos prestados como persoal temporal doutra Administración Pública Local (distinta do Concello de Burela) en praza, posto e categoría idénticas ou equivalentes á vacante convocada e á que se pretende acceder: a razón de 0,83 puntos por cada mes de servizos prestados*
- *Por servizos prestados como persoal temporal de calquera outra Administración Pública (distinta do Concello de Burela e non pertencente á Administración Pública Local) en praza, posto e categoría idénticas ou equivalentes á vacante convocada e á que se pretende acceder: a razón de 0,45 puntos por cada mes de servizos prestados*

Aos efectos da acreditación e valoración deste mérito, segundo os baremos anteditos, aplicaranse as normas e criterios indicados no ANEXO III

(...)”

Burela, 19 de abril de 2023.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 1218

A FONSGRADA

Anuncio

PROCEDEMENTO: APROBACIÓN DUN PADRÓN FISCAL

EXPEDIENTE NÚMERO: 183/2023

Asunto: Anuncio no Boletín Oficial da Provincia sobre a aprobación do padrón do servizo de asistencia ao fogar no mes de marzo do 2023

Aprobado por Decreto de Alcaldía do 18 de abril de 2023, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de marzo de 2023, polo importe total de 12.374,40€ (dependencia) e 262,80€ (prestación básica).

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA)

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada 19 de abril de 2023.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 1219

Anuncio

Procedemento: Desafectación do terreo do antigo depósito de auga de A Fonsagrada

Expediente número: 491/2022

Aprobado inicialmente a desafectación do terreo do Antigo depósito de auga de A Fonsagrada, como ben de dominio público, por Acordo do Pleno Municipal da Entidade Local de data 08/11/2022, de conformidade co artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese a información pública polo prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o devandito prazo o expediente poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. No suposto de non presentarse alegacións, o acordo inicial quedará elevado a definitivo de forma automática.

A Fonsagrada 19 de abril de 2023.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 1220

Anuncio

De conformidade co disposto no Decreto de Alcaldía Núm. 2023-0169 de data 21/04/2023, fanse públicas as bases de selección para a contratación con carácter temporal de 2 tractoristas, 3 albaneis, 1 palista, 2 peóns e 2 peóns de limpeza viaria (xornada 50%) ao abeiro do Programa de reforzo do emprego 2023 financiado pola Deputación Provincial de Lugo.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: No Rexistro do Concello da Fonsagrada no prazo de 7 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Requisitos: Os establecidos nas bases da convocatoria.

As bases completas da convocatoria estarán expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello da Fonsagrada (www.afonsagrada.org)

A Fonsagrada, 21 de abril de 2023.- O alcalde, Carlos López López.

R. 1242

FRIOL

Anuncio

SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL PARA A PROVISION DE 1 POSTOS DE LOGOPEDA PARA O SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ DA AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DE BEGONTE, FRIOL, GUNTÍN, PALAS DE REI E RÁBADE.

BASES DA CONVOCATORIA**1.- OBXETO.**

O obxecto da presente convocatoria e a contratación laboral de carácter temporal, mediante contrato de traballo de duración determinada de 1 posto de logopeda para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá.

2.- CARACTERISTICAS DO POSTO DE TRABALLO OFERTADO

Denominación do posto:	Logopeda
Réxime	Contrato temporal de duración determinada
Unidade/Área	Servizos
Categoría profesional	A2
Titulación esixible	Grao ou Diplomatura en Logopedia.
Sistema de selección	Concurso-oposición
Núm.de Postos que se convocan	1 posto
Duración	Ata a incorporación do titular da praza.

3.- MODALIDADE E CONDICIÓNS DO CONTRATO

Modalidade segundo regulación do RDL. 2/2015(Estatuto dos Traballadores)-	Cláusulas específicas contrato temporal e de substitución
Réxime de dedicación (xornada completa ou parcial)	Xornada completa
Xornadade traballo	37,5 horas semanais
Retribución bruta	25.977,24 €

4.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES**4.1.De carácter xeral (artigo 50 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia).**

a) Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, permita o acceso ao emprego público.

b) Estar en posesión da titulación que se esixa nas bases ou estar en condicións de obtela.

c) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

Non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

- d) Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- f) Carecer de antecedentes no Rexistro Central de delincuentes sexuais.
- g) Estar en posesión do certificado de lingua galega (CELGA 4) ou equivalente.
- h) Titulación: Grao ou diplomatura en Logopedia

4.3. Condicións esixidas ós candidatos.

Todos os requisitos esixidos ós aspirantes deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou credencial que acredite, se é o caso, a homologación do título.

5. Publicidade.

As presentes Bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Friol.

Todos os anuncios relativos a este procedemento selectivo e os sucesivos trámites publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Friol.

6.- Procedemento selectivo.

6.1. Documentación

As persoas interesadas presentarán no rexistro xeral do Concello ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a solicitude debidamente cumprimentada, e no modelo oficial que se publica como Anexos I e II, a estas bases, asinada e dirixida ao Alcalde do Concello de Friol, xunto coa documentación que na mesma se indica.

A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- Copia cotexada do Documento Nacional de Identidade.
- Copia cotexada da titulación académica esixida.
- Copia cotexada do Celga 4. Para as persoas que non presenten esta acreditación, estarase o apartado 6.7.
- Orixinal ou copia cotexada dos documentos acreditativos dos méritos alegados para a súa valoración na fase de concurso (esta documentación non será excluínte para a confección da lista provisional de admitidos e excluídos). A non acreditación documental dos méritos alegados determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias xa que non poderá subsanarse. Para facilitar a valoración dos méritos, acompañarase o anexo II debidamente cuberto.
- Informe de Vida laboral.

6.2 Prazo de presentación das instancias.

O prazo de presentación das instancias será de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

6.3 Admisión.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Alcalde aprobará a listaxe provisional de admitidos e excluídos, na que se indicarán, se é o caso, os motivos de exclusión.

A listaxe publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **dous días hábiles** para emendar os erros ou defectos advertidos, a partir da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

Transcorrido o prazo de dous días sen reclamacións, a lista de admitidos/as, quedará elevada automaticamente a definitiva e publicarase nos lugares anteriormente expresados.

No caso de producirse reclamacións, estas serán estudadas e ditarase resolución estimándoas ou desestimándoas. Dita resolución publicarase coa lista definitiva na sede electrónica do Concello.

6.4 Órgano de Selección

A comisión Técnica de selección ou tribunal estará integrado por:

- Un Presidente/a
- Un Secretario/a

- Tres Vogais

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o/a presidente/a e o/a secretario/a ou persoas en quen deleguen. De todas as reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases así como nos casos non previstos polas mesmas.

Os membros concurrentes ás sesións do Tribunal e para os efectos de percepcións de asistencias clasificaranse consonte o disposto no artigo 33 do Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

6.5 Colaboradores

A **Comisión Técnica de Selección**, en atención ao volume de traballo en relación coa urxencia do procedemento ou debido ás especificacións técnicas das probas establecidas poderá solicitar a asistencia de persoal colaborador entre os empregados do concello ou asesoramento especial, sen que neste caso sexa necesariamente persoal da propia entidade.

O persoal colaborador ou asesor terá dereito ás mesmas cantidades asignadas aos vogais en concepto de asistencia, sen prexuízo das indemnizacións por gastos que legalmente corresponda aplicar.

En ningún caso estará presente nas votacións da Comisión Técnica de Valoración

6.6 Designación e nomeamento do Tribunal

A designación dos membros do Tribunal, publicarase na sede electrónica do concello de Friol, xunto coa lista provisional de admitidos.

6.7 Sistema de selección e puntuación.

A selección dos candidatos realizarase, de conformidade co previsto nas presentes bases, polo sistema de selección que se indica no cadro que se transcribe na base 2.

Para dar cumprimento á normalización do idioma galego nas administracións públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas administracións públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, cuio tenor literal e o seguinte *“ nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei incluírase un exame de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega de conformidade coa normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, no seu caso, a valoración do coñecemento da lingua galega ”*.

Se o aspirante non está exento da proba de galego deberá realizar unha proba, que terá carácter eliminatorio, e consistirá nunha proba escrita proposta polo tribunal, nun tempo máximo de trinta minutos.

Cualificarase a proba como apto/a ou non apto/a e publicarase mediante anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Friol. Os/as aspirantes disporán dun prazo de dous días hábiles para presentar as reclamacións que considere oportunas contra as referidas cualificacións.

Estarán exento da realización esta proba aqueles aspirante que posúan o Celga4 ou equivalente. Estes aspirantes terán a cualificación de apto.

7. Fase de Concurso.

Consistirá na valoración dos méritos alegados polas persoas participantes no proceso. A valoración realizarase segundo o seguinte baremo:

7.1.A.- EXPERIENCIA PROFESIONAL (máximo 2,5 puntos).-por servizos efectivamente prestados en empregos de similares características e función ao emprego que se opta, ata un máximo de 2,5 puntos:

a. Por servizos prestados en calquera administración pública con menores e/ou familias con menores: 0,04 puntos/mes.

b. Por servizos prestados en empresas privadas con menores e/ou familias con menores 0,02 puntos/mes.

Non se computarán fraccións inferiores a meses completos.

A xustificación deste apartado farase:

- No caso de traballador por conta allea: coa presentación de copia cotexada de

contratos de traballo e do Informe de Vida Laboral, proporcionado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, así como por calquera outro medio que permita ter constancia fidedigna da dita experiencia profesional na categoría profesional esixidas nas presentes bases. Estes documentos deberán ser acompañados por un Certificado de Servizos, no caso de Administración, ou Certificado de Empresa, no caso de empresa privada, sempre que queden acreditados de forma clara e expresa, a ocupación, período traballado, e número de horas.

- No caso de traballadores autónomos: mediante o Informe de Vida Laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización. De ser o caso, contrato de arrendamento de servizos ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade.

- No caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional esixida nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

7.1.B.- FORMACIÓN ACADÉMICA OU EXTRA-ACADÉMICA (máximo 2 puntos):

a. Titulación superior en materias relacionadas coa ocupación, agás a que fora esixida para o acceso ao posto: 0,75 puntos

b. Titulación de Grao Medio relacionada coa ocupación a desenvolver, agás a que fora aceptada para o acceso ao posto: 0,40 puntos.

c. Máster relacionado coas funcións a desenvolver: 0,20 puntos

d. Cursos relacionados coa natureza das labores a desenvolver:

i. Por cada curso de duración igual ou superior a 10 h.: 0,02 puntos

ii. Por cada curso de duración igual ou superior a 50 h.: 0,05 puntos

iii. Por cada curso de duración igual ou superior a 100 h.: 0,10 puntos

iv. Por cada curso de duración igual ou superior a 300 h.: 0,15 puntos

Neste apartado admitiranse soamente cursos de formación ou perfeccionamento impartidos ou homologados polas Administracións Públicas, Universidades, INEM, Formación Continua da AFCA (Acordo de Formación Continua das Administracións Públicas), así como sindicatos, colexios e mutuas profesionais, asociacións sen ánimo de lucro, cámaras de comercio e fundacións, relacionados coas funcións a desempeñar.

7.1.C.- ENTREVISTA PERSOAL (máximo 1,5 puntos): a criterio ponderado do órgano de selección, no que se valorará as aptitudes das persoas que se presenten ao proceso de selección, en orde ao desempeño das funcións a realizar e a idoneidade para o posto de traballo.

Presentarase a relación de méritos así como a documentación xustificativa, no modelo Anexo II.

8. Fase de oposición

Consistirá en contestar un cuestionario tipo test de coarenta (40) preguntas e catro (4) de reserva, con varias respostas alternativas das que soamente unha será válida, relacionadas cos temas indicados no Anexo III das presentes bases. Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio, tendo unha duración de 80 minutos.

Puntuarase de 0 a 12 puntos, sendo necesario acadar un mínimo de seis (6) puntos para a súa superación. Cada resposta correcta puntuará 0,30 puntos, descontando 0,10 puntos por cada resposta errónea, e non puntuarán nin restarán as respostas non contestadas.

9. Valoración, relación de aprobados e proposta de resolución.

A cualificación definitiva do proceso selectivo estará determinada pola suma total das puntuacións obtidas nos dous exercicios da fase de oposición mais a dos méritos acreditados na fase de concurso.

Finalizado o proceso de realización das probas establecidas e a avaliación dos méritos que anteriormente se concretan, a Comisión Técnica de Selección/Tribunal confeccionará a listaxe dos/as aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente de puntuación, e remitirá ao órgano competente proposta de candidatos/as para a formulación do contrato, concedéndose un prazo de 2 días hábiles para alegacións que resolverá o Alcalde, previo informe da comisión de selección.

O órgano competente procederá á formalización do contrato previa acreditación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

10.- Criterios de desempate.- No suposto de empate, resolverase o desempate en primeiro lugar a favor da persoa que obtivera maior puntuación na fase de oposición.

No caso de persistir o empate, dirimirase a favor do/a candidato/a que teña máis puntos nos seguintes apartados:

1.-Experiencia profesional na administración pública relacionada co emprego a desenvolver, primeiro valorando a adquirida na administración pública e logo na

empresa privada.

2.-De persistir o empate, dirimirase mediante a puntuación no apartado de formación académica referido a titulacións de grado medio ou superior.

Finalmente, en caso de persistir o empate, acudirase a sorteo público.

11. Constitución de bolsa de emprego.

Constituirase una bolsa de emprego coas persoas que non resultaran seleccionadas para a formalización do contrato, a fin de que poida ser utilizada en futuros chamamentos que puidesen resultar necesarios para cubrir vacantes temporalmente, debidas a calquera circunstancia sobrevida. A bolsa será ordenada segundo a puntuación obtida na oposición mais os méritos acreditados, seguindo o procedemento de publicidade e alegacións descrito no apartado anterior. A duración da bolsa será de 24 meses.

12. Achega de documentos.

Os/as candidatos/as seleccionados/as deberán aportar a documentación que a continuación se enumera que deberá achegarse no prazo máximo de tres (3) días hábiles a contar desde a data de comunicación da resolución pola que se traslada a condición de seleccionado/a.

- Copia do DNI.
- Tarxeta da seguridade social, si se posúe.
- Informe médico acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desempeño do posto de traballo.
- Declaración xurada de non atoparse ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade sinaladas na lexislación vixente.
- Número de conta bancaria co código IBAN (24 caracteres) da que sexa titular a persoa seleccionada para o ingreso das correspondentes nóminas.
- Certificado de carecer de antecedentes no Rexistro de delinquentes sexuais.

Se no prazo sinalado, salvo os casos de forza maior, as persoas aspirantes non presentasen a documentación esixida, non se poderá formalizar o contrato, quedando anuladas tódalas actuacións sen prexuízo das responsabilidades en que se puidera incurrir por falsidade. Neste caso formularase proposta de nomeamento a favor do seguinte da lista.

Unha vez realizado o proceso selectivo, o/a Secretario/a do tribunal levantará acta do actuado, incluíndo proposta de selección dirixida ao Alcalde do Concello de Friol. A devandita acta exporase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e os/as solicitantes terán un prazo de tres días hábiles para a presentación de reclamacións.

Transcorrido o prazo sen reclamacións, a lista entenderase elevada automaticamente a definitiva; no suposto de producirse serán contestadas no prazo máximo de dous (2) días debendo ditarse unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas e publicarase no prazo máximo de dous (2) días a acta definitiva.

Transcorridos os prazos, a acta de avaliación conxuntamente coas alegacións

presentadas polos interesados (se as houbese), e copia dos documentos acreditativos dos méritos alegados polos/as aspirantes seleccionados, remitiranse ao Alcalde-Presidente do Concello de Friol, para que dite Decreto de nomeamento.

13 Formalización do contrato.

Presentada a documentación sinalada no apartado anterior, o Presidente da Corporación, ditará resolución e formalizará o contrato laboral a favor das persoas propostas polo Tribunal.

14. Incidencias.

A Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia; a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro; o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro.

15.- Recursos

Contra este acto poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, ante o Xulgado de dita xurisdición de Lugo (artigos 8 e

46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa), así como as demais accións legais que estime pertinentes. - Malia o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante o Sr. Alcalde no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

ANEXO I: MODELO SOLICITUDE

1. DATOS PERSOAIS			
D./D^a		N.I.F.	
ENDEREZO:		C.P.	
LOCALIDADE:		PROVINCIA	
NACIONALIDADE:	DATA DE NACEMENTO:	TLF:	
EMAIL:			
2. PRAZA CONVOCADA			
3. TITULACION			

EXPOÑO:

Que, informado da convocatoria do proceso selectivo ao que se refire a presente instancia, considero reunir os requisitos esixidos nas bases de dita convocatoria e achego a seguinte documentación (sinalarcununha X)

- Copia cotexada do Documento Nacional de Identidade.
- Copia cotexada da titulación académica esixida.
- Copia cotexada do permiso de conducir.
- Copia cotexada do Celga 4. Para as persoas que non presenten esta acreditación, estarase o apartado 6.7.
- Orixinal ou copia cotexada dos documentos acreditativos dos méritos alegados para a súa valoración na fase de concurso (esta documentación non será excluínte para a confección da lista provisional de admitidos e excluídos). A non acreditación documental dos méritos alegados determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias xa que non poderá subsanarse. Para facilitar a valoración dos méritos, acompañarase o anexo II debidamente cuberto.
- Informe de Vida laboral.

ANEXO II.- RELACION DOS MERITOS APORTADOS E ACREDITADOS

EXPERIENCIA PROFESIONAL				
SERVIZOS PRESTADOS EN POSTO IGUAL OU SIMILAR O OFERTADO NA CONVOCATORIA				
CATEGORIA	ADMINISTRACION PUBLICA/ENTIDAD PUBLICA OU PRIVADA	DURACION DO CONTRATO OU NOMEAMENTO	DATA DE INICIO	DATA DE REMATE

FORMACION		
DENOMINACION	CENTRO IMPARTICION	DURACION

En _____ a _____ de _____ de 2022.

O/A solicitante _____

Asinado:

ANEXO III.- TEMARIO**MATERIAS XERAIS.-**

- 1.- A Constitución española de 1978: estrutura e contido. A reforma constitucional. Dereitos fundamentais e liberdades públicas.
- 2.- A Coroa. As Cortes Xerais. As funcións das Cortes Xerais. O Goberno e a Administración. O Goberno: composición e funcións. Relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais.
- 3.- O poder xudicial. O Consello Xeral do Poder Xudicial. O Tribunal Constitucional. Organización e funcións. Recursos e procesos ante o Tribunal Constitucional.
- 4.- A Comunidade Autónoma Galega. O Estatuto de autonomía. O Parlamento de Galicia. Administración autonómica de Galicia. Organización e estrutura básica.
- 5.-Oréxime local español. Principios constitucionais. As entidades locais. A potestade regulamentaria dos entes locais. Ordenanzas, regulamentos e bandos.
- 6.- As entidades locais territoriais. O municipio. Poboación e termo municipal. Organización e competencias. A provincia e outras entidades locais territoriais.
- 7.- O municipio de Friol. Organización municipal específica. Pleno, Alcalde, Xunta de Goberno Local. Poboación e termo municipal.
- 8.- Bens, actividades e servizos das entidades locais. A contratación local. O persoal ao servizo das entidades locais.
- 9.-O procedemento administrativo común. Principios. Estrutura. Fases do procedemento administrativo.
- 10.-Procedemento administrativo sancionador. A responsabilidade patrimonial da Administración pública. Especial referencia á Administración local.
- 11.- A revisión dos actos administrativos. Os recursos administrativos. A xurisdición contencioso-administrativa: o recurso contencioso-administrativo.
- 12.-As facendas locais. Recursos das facendas locais. Especial referencia aos recursos do municipio. O orzamento das entidades locais. Contido e aprobación. Control e fiscalización do gasto público.

MATERIAS ESPECÍFICAS.-

- 1.- Lei 13/2008 de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- 2.- Lei 39/2016 de 14 de decembro de Promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia.
- 3.- DECRETO 148/2014, de 6 de novembro, por el que se modifica el Decreto 99/2012, de 16 de marzo, por el que se regulan los servicios sociales comunitarios y su financiación.
- 4.- Lei 3/2011 de 30 de xuño de apoio á familia e a convivencia de Galicia.
- 5.- Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.
7. A coordinación profesional na intervención en atención temperá: Familia, escola, sanidade
- 8.- Libro Branco da Atención Temperá .Xunta de Galicia
9. A prevención en Atención Temperá. Niveles e actuacións.
10. Decreto 188/2013 Rede Galega de Atención Temperá.
11. Principios fundamentais da Bioética: dilemas éticos código deontolóxico.
12. O segredo profesional: concepto e regulación legal. O consentimento informado. Dereitos e deberes dos cidadáns no Sistema de Saúde Canario
13. Comunicación e linguaxe. Funcións da linguaxe. Lingua, linguaxe e fala. Niveis e unidades lingüísticas.
14. Anatomía e fisioloxía dos órganos da linguaxe e da audición (I): Anatomía e fisioloxía do oído e dos órganos orofonadores. A respiración.
15. Anatomía e fisioloxía dos órganos da linguaxe e da audición (II): Estudo físico do son e da voz. Audioloxía e audiometría. Avaliación e medición da audición.
16. Etapas do desenvolvemento e adquisición da linguaxe.
17. Psicoloxía do desenvolvemento e adquisición da linguaxe: Pensamento e linguaxe. Linguaxe e vida afectiva.
18. Esquema anatómico e funcional da linguaxe nos seus aspectos expresivos e receptivos.
19. Neuroloxía xeral e da linguaxe (I): Neuroanatomía xeral. Neurofisioloxía xeral.

20. Neuroloxía xeral e linguaxe (II): Neurofisioloxía dos procesos sensoriais e perceptivos. A audición. Neurofisioloxía da linguaxe.
 21. Lingüística xeral e aplicada.
 22. Métodos e análise en lingüística.
 23. Fonética e Fonoloxía.
 24. Aproximación conceptual á logopedia. Obxectivos da intervención logopédica.
 25. O profesor de logofonía e logopedia: funcións e ámbitos de actuación.
 26. Relacións da logopedia con outras disciplinas. O equipo multidisciplinar.
 27. Modelos de intervención: Educación, reeducación, rehabilitación e terapia.
 28. O programa de intervención logopédica: avaliación inicial, obxectivos, contidos, temporalización, actividades, metodoloxía, materiais e avaliación (continua e final).
 29. Clasificación xeral e breve definición dos distintos trastornos da linguaxe, da fala, da voz e da audición.
 30. O proceso de avaliación da logopedia. Técnicas xerais de exploración e avaliación das diferentes patoloxías da linguaxe, a fala, a voz e a audición.
 31. Concepto e intervención logopédica dos trastornos primarios do desenvolvemento da linguaxe: Dislalias.
 32. Concepto e intervención logopédica dos trastornos primarios do desenvolvemento da linguaxe: Disfasias.
 33. Concepto e intervención logopédica das alteraciónsna lectura: Dislexias.
 34. Concepto e intervención logopédica das alteraciónsna escrita: Disgrafía.
 35. Concepto e intervención logopédica de alteracións específicas da linguaxesecondarias a discapacidade psíquica e autismo.
 36. Concepto e intervención logopédica da dismorfia: síndrome de Down.
 37. Concepto e intervención logopédica do mutismo.
 38. Concepto e intervención logopédica das alteracións da linguaxena mínima disfunción cerebral.
 39. Concepto e intervención logopédica na parálise cerebral.
 40. Concepto e intervención logopédica nos trastornos da linguaxe de orixe neurolóxica: Afasias.
 41. Concepto e intervención logopédica nos trastornos da fluidez da fala: Disfemia.
 42. Concepto e intervención logopédica nos trastornos da fluidez da fala: Taquifemia.
 43. Concepto e intervención logopédica nos trastornos da fluidez da fala: Taquilalia.
 44. Concepto e intervención logopédica nos trastornos da linguaxe e da fala secundarios a alteracións morfolóxicas: Disglosias.
 45. Concepto e intervención logopédica nos trastornos da fala de orixe neurolóxica: Disartrias.
 46. Concepto e intervención logopédica dos trastornos psiquiátricos e neurolóxicos da linguaxe en adultos e maiores: Parkinson, esclerose múltiple, demencia.
 47. Concepto e intervención logopédica nos trastornos da voz: disfonía.
 48. Concepto e intervención logopédica en implantes cocleares.
- Friol, 19 de abril de 2023.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 1221

LUGO
Anuncio

En cumprimento do establecido nos artigos 82.3 e 88.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Pleno da Corporación, en sesión que tivo lugar o día 24-11-2022, adoptou o acordo que a continuación se transcribe e faise pública a normativa do ESTUDIO DE DETALLE PARA A ORDENACIÓN DE VOLUMES NA "PARCELA 12/5 DO RUEIRO 12/5 DO POLÍGONO ACEÑA DE OLGA", QUE MODIFICA AO ANTERIORMENTE APROBADO DEFINITIVAMENTE POLO ACORDO PLENARIO DE DATA DO 10 DE DECEMBRO DE 1997:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente, de conformidad co informe favorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data do 08-08-2022, o estudo de detalle formulado pola mercantil "THOR PRIVATE EQUITY SPAIN S.L.", representada por don Pedro Cardenal García e redactado por "TELLOCARDENAL ARQUITECTOS S.L.P.", para a ordenación de volumes na "PARCELA 12/5 DO RUEIRO 12/5 DO POLÍGONO ACEÑA DE OLGA", que modifica ao anteriormente aprobado definitivamente polo acordo plenario de data do 10 de decembro de 1997(artigo 80.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

